



ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CABEIRO,
QUE SE CELEBROU O DÍA 26 DE ABRIL DE 2017

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobar, no seu caso, a acta anterior
- 2 Orzamentos participativos
- 3 Propostas de modificación do Regulamento dos Consellos Parroquiais
- 4 Varios

No Centro Cultural de Cabeiro, sendo as vinte horas e quince minutos, do día 26 de abril de dous mil dezasete, previa convocatoria e baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde, para esta reunión, da concelleira M.^a JOSÉ BARCIELA BARROS reuníronse os/as seguintes representantes:

DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

ANA M.^a ALONSO ALONSO, representante do grupo municipal do PP.

ANA ALONSO PAZOS, representante do grupo municipal do PSdeG – PSOE.

PAULO MEDAL FIEL, representante do grupo municipal de AER

-DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS:

AMANTE ROMERO ÁLVAREZ

-DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS:

CESÁREO ÁLVAREZ LAGO

MANUEL FERNANDEZ ÁLVAREZ

-DAS AAVV:

MANUEL BASTOS BASTOS

CONSTANTE ÁLVAREZ ÁLVAREZ

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



-DA ASOCIACIÓN DE MULLERES:

INÉS BASTOS ALONSO

INCIDENCIAS: Non asistiron: o representante do grupo municipal do BNG; SABINO AMOEDO DACOSTA, representante da comunidade de montes; RAFAEL CASTRO CASTRO, representante da Comunidade de Augas.

Todos/as eles/as asistidos/as de min, a funcionaria de carreira do Concello, M.^a Goretti González Enes, que actúo como secretaria, e que da fe do acto, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Cabeiro convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

A presidenta declara aberta a sesión, pasándose a tratar os puntos da Orde do Día.

1 APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA ANTERIOR

A presidenta dá conta da acta da sesión anterior preguntando aos membros do Consello se teñen algunha observación que facer ao borrador da acta, ao que o resto do membros contestan que non.

Non habendo ningunha observación ao respecto, o Consello Parroquial de Cabeiro, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba á acta da xuntanza anterior, correspondente a que se celebrou, con carácter ordinario, o día 13 de decembro de 2016.

2 ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

A presidenta inicia a súa intervención consultando cal é a obra que van realizar con cargo aos orzamentos participativos do ano 2017.

Amante Romero Álvarez informa que acordaron realizar a 2.^a fase do Camiño do Campiño, na finca grande. Tamén indica que o dono do muro que se arranxou cos anteriores orzamentos reclámalles porque os coches invaden parte da zona e que moveu unha pedra de sitio.



A continuación, debaten sobre como realizar o novo muro e como arranxar os problemas do anterior, polo que acordan avisar ao aparelador do Concello para que os asesore.

3 PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS CONSELLOS PARROQUIAIS

M.^a José Barciela Barros informa aos membros do Consello que só recibiron 2 propostas por parte das asociacións e que serán as que se leven ao pleno.

Amante Romero Álvarez comenta que el xa fixera anteriormente a súa aportación considerando que o mellor é que cada centro se regule así mesmo.

Toma a palabra Paulo Medal Fiel manifestando que AER sabe que este punto xera problemas polo número de asociacións que existen e informa que eles fixeron propostas das cales algunhas vanse levar ao pleno. Deixa unha copia aos membros para que as coñezan.

4 VARIOS

M.^a José Barciela Barros informa de que o saneamento definitivamente vai para adiante.

Constante Álvarez Álvarez comenta que un veciño que vive por debaixo da Granxa, accede a que o saneamento pase pola súa finca para que non teña que pasar pola estrada, por abaixo.

A concelleira de Vías e Obras, que actúa no día de hoxe como presidenta deste Consello, explica que o concello prefire facer sempre o saneamento por vía pública para facilitar o enganche.

A continuación, informa de que o proxecto da Coviña e os ramais do parque infantil están en marcha e indica que tentarán ampliar para que queden mellor, de xeito que esta zona quedaría case toda abastecida.



No camiño do Costal informa que quedan 4 casas pendentes conectarse ao saneamento e a outra zona que aínda falta é cerca da Igrexa.

Respecto ao proxecto do Colexio, a concelleira de vías e obras informa de que xa está elaborado pero Amante Romero Álvarez manifesta que está mal e que debería modificarse xa que así se aforrarían metros de canos. A concelleira responde dicindo que o proxecto xa se modificou e que xa non se pode cambiar, polo que se realizará tal e como está.

Amante Romero Álvarez indica que a casa dos pobres e o centro cultural non teñen conexión ao saneamento.

A concelleira manifesta que a asociación e o centro cultural poden solicitar axudas de forma independente.

Continúa a súa intervención Amante Romero Álvarez indicando que teñen problemas co pagamento do recibo da luz da casa dos pobres, xa que a asociación está pagando os recibos e o inquilino lles paga cando pode.

Tamén comenta que tiveron que pagar por esta vivenda 60€ de sanción imposta polo Catastro, cando é unha edificación que ten aproximadamente uns 60 anos.

Amante Romero Álvarez indica cales son os inmobles polos que tiveron que pagar sanción como son por exemplo: o pilón municipal, o de augas, a casa dos pobres...

Toma a palabra Ana M.^a Alonso Alonso aclarando que a sanción a impón o catastro, non o concello e lles recomenda que paguen a sanción e que despois reclamen.

Así mesmo tamén lles indica que revisen os conceptos que aparecen no recibo porque houbo erros por engadir máis edificacións das que corresponden, polo que recomenda acudir ao catastro para verificar se as referencias se corresponden con galpóns ou con pilóns, etc... de xeito que se poida reclamar todo aquilo que esté incorrecto.



Varios membros do Consello manifestan as súas queixas en canto ao asesoramento que dá a empresa que xestiona o catastro no concello, xa que indican que o persoal non explica nada e non asesora á cidadanía como deberían.

M.^a José Barciela Barros explícalles que na oficina do catastro de Redondela hai unha persoa que se dedica en exclusiva a estos temas.

A continuación, Constante Álvarez Álvarez comenta que a xente que vai ao pavillón municipal atasca o camiño porque aparcan diante dos portais e non deixan espazo para pasar, polo que solicita que se instale un sinal de prohibido aparcar.

Tras debater sobre este problema, chegan a conclusión de que a mellor solución é que se peche a porta de atrás do pavillón, de xeito que a xente entre pola zona de Galpi.

A concelleira informa que proximamente instalarán varios bancos en Cabeiro e Amante Romero Álvarez solicita a colocación duns 10 bancos que se poderían repartir entre o centro cultural, a zona da igrexa, no cemiterio, no Torreiro, etc...

A continuación, o representante da Asociacións Culturais relaciona as queixas e as peticións que fai a veciñanza para que se lles dean as solucións pertinentes:

1. Camiño dos Covelos: Informan de que ten o firme en moi mal estado e solicitan que se repare. A concelleira de Vías e Obras indica que este camiño non está inventariado.
2. Camiño da Igrexa: Informan de que a beiravía está desfeita e solicita que se peche cunha reixa pero a concelleira opina que non serve de solución porque non beneficia en nada.
3. Camiño da Milixosa: Solicitan a colocación unha valla de protección fronte a casa Pozas e un espello, xa que é perigoso para os coches xa que non se ven os coches que veñen de arriba.
4. Camiño da Coutada Vella: Solicitan que se tomen medidas para que non aparquen na zona onde arranxaron o camiño, xa que non se pode dar a volta se hai un coche aparcado. Tamén solicitan que se lle dea solución á saída de augas, xa que hai un cano atascado e non desauga.



5. Solicitan a instalación de sinais de tráfico na Parroquia, tanto as de velocidade como as de animais soltos no monte. Tamén comunican que non hai un sinal de aviso no Colexio. A Concelleira pregúntalles se presentaron a solicitude no concello e contéstalle que a policía xa estivo vendo as sinais que facían falta e solicitan un espello en Vilar, onde se instalou un STOP.

6. Comunican que nos Camiños da Milixosa, Quirincosta, Penedo, Igrexa de Cabeiro, Campiño, Cova e Estrada de Negros no tramo dentro de Cabeiro, hai árbores enriba da estrada, incluso algúns apoiados nos cables de tensión. Ana Alonso Pazos pregunta se teñen que presentar por escrito a solicitude para que se corten estes pinos ou se hai outro xeito de facer que se corten. A concelleira de Vías e Obras informa de que se están enviando cartas aos propietarios pero que nos casos nos que non é posible saber quen son os/as donos/as, precísase o informe da Policía Local para que identifique e se isto non é posible, para que deixe constancia de que non se pode localizar polo que hai que comunicalo, xa que o problema é que non se comunican os cambios de titularidade.

7. Solucionar o problema do monte con relación ao orixe da denominación das mámoas xa que é erróneo.

8. Informan que un veciño dona terreo para que se arranxe o muro que está fronte o aparcadoiro da casa da Brava porque está caendo a estrada, entre o quitamedos e a casa.

9. Camiño do Lago: Comunican que o tramo de beiravías, ao carón do transformador, é perigoso e que o tubo de paso da auga ten pouco diámetro. Solicitan a colocación de reixas xa que as beiravías son moi fondas.

10. Camiño do Campiño: Informan que dende o río ata o alto, as beiravías están en moi mal estado. Tamén solicitan que se retire un poste de madeira na estrada que quedou separado ao mover o muro cara atrás.

11. Camiño do Campiño: Expoñen que o tramo de beiravía está en mal estado, a 50 metros do transformador con dirección ao cemiterio, hai que trasladar a beiravía o muro recentemente feito, as augas desbordan polo camiño, os tubos de desaugadoiro son de pouco diámetro, polo que os veciños da parte baixa se queixan das continuas inundacións que sofren nas súas propiedades.

12. Solicitan que se instale un espello no cruzamento da saída de Cabeiro con Vilar, ao final do Camiño do Penedo



13. Camiño do Pió: Comunican que o muro que hai no tramo que vai dende a casa de Laura ata de Alfonso estase derrubando. Non é urxente.

14. Camiño do Eido Vello: Solicitan facer estilo de beiravía para desviar as augas

15. Camiño dos Cambeiros: Reclaman que unha vez que se faga o saneamento, se melloren as beiravías, e que se poña un tubo na entrada da casa dos pobres.

16. A reixa que se colocou no Camiño da Graña non recolle auga.

17. Camiño do Costal, fronte á casa de Jaime, os sumidoiros non funcionan

18. As augas do camiño dos Peitieiros hai que tratar de canalizalas ao río, acabarán facendo dano nos muros das leiras que dan ao camiño da Milixosa e poden facer caer o pino que está na estrada de Negros.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta remata a reunión, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

M.^a JOSÉ BARCIELA BARROS

M.^a GORETTI GONZÁLEZ ENES